

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa as diferenzas de requisitos entre deportistas con minusvalía e deportistas sen minusvalía para acceder ás axudas como deportista de máximo nivel.

O deporte é unha das modalidades que máis xente practica. Quizais por isto sexa o que máis cartos mova e precisen para o seu desenvolvemento. Sobre todo ao falar do deporte practicado ao máximo nivel. Galiza non é unha excepción disto. No noso país gozamos dun deporte de primeiro nivel, tanto a nivel individual como a nivel colectivo. Sen embargo, desgraciadamente non son novas as denuncias públicas de atletas sobre marxinacións e diferenzas de requisitos para acceder e recibir as axudas, tanto en deportes máis minoritarios, como máis sinaladamente en deportes practicados por atletas minusválidos.

O 3 de xuño de 2005, aparecía publicado no DOG unha orde do 30 de maio do mesmo ano pola que se establecían os criterios para o recoñecemento de deportistas galegos de alto nivel. Estes criterios son os seguidos posteriormente para dar unhas axudas ou outras en función de se es recoñecido como deportista de alto nivel ou non. Aquí é onde comezamos a observar unha diferenza entre os deportes olímpicos ou non olímpicos máis recoñecidos polo COI e os deportes paralímpicos ou practicados por atletas con minusvalía. Así, vemos como por exemplo en categorías previas absolutas, os atletas individuais de probas olímpicas necesitarían ser 2º en campionatos de España ou 15º nun campionato do mundo, e os de probas non olímpicas terían que ser 1º en campionatos estatais ou 10º nos campionatos mundiais. Sen embargo, nestas categorías inferiores, os atletas minusválidos, xa sexan de deportes en equipo ou individuais, non poden optar a ser recoñecidos como deportistas de alto nivel aínda sendo campións do mundo junior. En categorías

absolutas, a situación mellora pouco, vendo aínda discriminacións entre atletas minusválidos e non minusválidos. Así, os deportistas minusválidos campións de España absolutos tampouco serán recoñecidos como deportistas de alto nivel, mentres que os non minusválidos serán recoñecidos como de alto nivel sendo subcampións de España. En campionatos mundiais, mentres que os atletas minusválidos necesitan conseguir un posto 12º nos deportes individuais, ou un 6º nos deportes en equipo, os deportistas de probas olímpicas tan só necesitarían ser 30º para ser considerados de alto nivel.

Anteriormente, o 19 de xaneiro do 2004, o DOG publicaba un decreto polo que se regula a calificación de deportistas galegos de alto nivel, que vai marcar o seu acceso ás axudas que outorga a Xunta. Así, neste decreto faise unha distinción en 4 niveis, nos que dependendo do nivel que acredites tes acceso a un tipo de axudas diferenciado, sendo de novo os deportistas con minusvalías relegados ao nivel 4, co que só van poder conseguir beneficios públicos en concepto de “outras axudas económicas” e tan só se son “susceptibles de bos resultados a curto prazo”, mentres que os deportistas non minusválidos estarían incluídos entre os grupos 1 e 3, accedendo a “bolsas económicas de apoio dirixidas a sufragar os gastos de desprazamento, equipamentos deportivos, apoio médico...” ou “bolsas individuais”, co que conseguirían máis e mellores axudas de cara as prácticas dos seus deportes.

Estas diferenzas constitúen para o grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda unha discriminación clara contra un grupo de persoas, que xa se atopan con moitas trabas para vivir dignamente nunha sociedade feita por e para as persoas sen minusvalía, e as persoas minusválidas non merecen sufrir unha discriminación como esta no eido do deporte de alto nivel, pois consideramos que tanto mérito ten un deportista minusválido que sexa campión de España na súa disciplina como un deportista sen discapacidade que conseguise tamén ser o campión estatal.

Por todo isto o grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión.

1.^a) Por que os atletas minusválidos teñen que acreditar máis nivel que os non minusválidos para ser considerados deportistas de máximo nivel?

2.^a) Por que un atleta galego con minusvalía que sexa campión de España non é recoñecido como deportista de máximo nivel?

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 17/04/2015 12:31:04